



## O MORAÑÉS JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ CUN GRUPO DE BEAGLES E 542 PUNTOS PROCLAMOUSE CAMPIÓN GALEGO DE “CANS DE RASTRO” SOBRE COELLO

O pasado día 7 de outubro, organizado pola Federación Galega de Caza tivo lugar no tecor de Vila de Cruces da Sociedade de Cazadores O Gazapo, a Final galega de “Cans de Rastro”, na especialidade de rastro de coello. Á mesma acudiron os equipos clasificados nos respectivos Campionatos Provinciais e máilo campión da pasada edición, o cazador da Sociedade San Martín do Grove, José Cacabelos.

A competición que se desenvolveu entre as 8 e as 13 horas, disputábase en catro campos ou zonas: “Sobrido”, “A Serra”, “Castelo” e “Balsiña”. Cada concursante dispuxo dunha hora para que os seus cans puideran segui-lo rastro.

O tempo non acompañou, choveu lixeiramente e mesmo nas primeiras horas houbo algo de brétema o que fixo que o monte estivese mollado. Levantouse moita caza, e os participantes disfrutaron da competición.

De xuíces actuaron Roberto Carlos Costas Tellado, Honorato Martínez Couñago, Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Villar, e Enrique Barral Ameijeiras. Actuando de auxiliares Manuel J. Vázquez Mosquera e Silverio Liñares Canedo.

Campión da proba foi José Manuel Vázquez Rey, da Sociedade Moraña, cun lote de beagles (Onix, Ría, Usa e Rúa) conducidos por José País Serrano (542 puntos).

Segundo e subcampeón, José Luis Calvo Vázquez, da Sociedade Xallas (Sta Comba) con 525 puntos, que participaba cun lote de basset leonados de bretaña (Boby, Anca, Vitesse, Rafale).

A terceira praza era para o cazador da Sociedade Pondal (Ponteceso) Rafael Rodríguez Ures, que cun lote de leonados (Cholo, Full, Tita e Yiza) acada 481 puntos.

Mellor can foi, “Ría”, con 143 puntos, do tamén campión José Manuel Vázquez Rey

Concluída a competición, e xa cos resultados decididos, levouse a cabo o tradicional xantar de clausura e entrega de premios ao que asistiron diversos federativos, entre os que cabe salientar o Presidente da Sociedade anfitriona, Nicolás Castro, así como os presidentes da Provincial e da Galega, Xavier Nogueira Diz e Pepe Gómez Cortón.



Rafael Rodríguez Ures, terceiro clasificado, recibe o trofeo de mans do Presidente da Sociedade de Cazadores 'O Gazapo', Don Nicolás Castro Rodríguez



O Presidente da Federación Galega de Caza en Pontevedra, Don Javier Nogueira Diz, entrega o premio a José Luis Calvo Vázquez, segundo clasificado na proba



O Campión da proba, José Manuel Vázquez, recibe o premio ao mellor can (Ría, con 143 puntos) de mans do Vicepresidente da FGC, Don Rafael E. Sánchez Malvar



Os tres compoñentes do podium do Campionato, de esquerda a dereita, José Luis Calvo Vázquez, subcampión; José Manuel Vázquez, campión; e Rafael Rodríguez Ures, terceiro clasificado; posan cos seus respectivos trofeos.